

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL QUINCE.**

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas quince minutos, do día dezaoito de decembro de dous mil quince, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse a seguinte

**1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior 4/12/15.**

Polo señor Alcalde – presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción da acta da sesión epigrafiada, non producíndose ningunha a acta é aprobadas por unanimidade.

**2.- Licenzas de obras.**

**2.1.- Solicitud de licenza de don Gumersindo Castro Iso para retellado dun alpendre en Montixo, 2, San Xoan de Muro.**

Visto o informe emitido pola Sra arquitecta asesora municipal e que resulta da seguinte teor literal:

“Refª.-Expediente de comunicación previa de inicio de obras menores para o retellado dun alpendre sito en Montixo, San Juan de Muro, Láncara, a instancia de don Gumersindo Castro Iso (referencia catastral 001600300PH34E0001QW)

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.-Que a edificación sobre a que se pretende intervir atopase en terreos clasificados como solo de núcleo rural área de circunscripción do núcleo rural de Montixo, A Eirexe, O Mato da parroquia de San Juan de Muro (Plano de delimitación O-38), segundo establece o PXOM vixente

2º.-Que a intervención que pretende non deberá supoñer en ningún caso aumento de volumen, nin modificar as condicións de posición, nin afectar a estrutura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. As obras cinguiranse as de reposición da lousa do país e ocasionalmente o entaboadado de cuberta se fose o caso.

É polo que se informa favorable coas obrigas anteditas.

Base imponible para a liquidación do ICIO segundo a Ordenanza municipal reguladora do custo da execución das obras menores.

(42) 200 m<sup>2</sup> Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa a 40,00 €.....8.000 €”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a D. Gumersindo Castro Iso, licenza urbanística para retellado de alpendre en Montixo, 2, San Xoan de Muro.

Segundo.- As obras deberán rematar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía e Industria.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **248,00 euros**.

Quinto.- Aprobar a taxa por expedición de licenzas urbanísticas por un importe **40 euros**.

## **2.2.- Solicitud de don José Antonio Díaz López para retellado de vivenda en San Martín de Río.**

Visto o informe emitido pola Sra arquitecta asesora municipal e que resulta da seguinte teor literal:

"Refª.-Expediente de comunicación previa de inicio de obras menores para o retellado dunha vivienda unifamiliar (sita na parcela 111 do polígono 23) en San Martín de Río a instancia de don Jose Antonio Díaz López.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.-Que a edificación sobre a que se pretende intervir atopase clasificado como solo de núcleo rural area de expansión, do núcleo rural de San Martín de Río e Eirexe, parroquia de Río, segundo establece o PXOM vixente (Plano de delimitación o-55).

2º.-Que as obras que pretende realizar non deberán supoñer en ningún caso aumento de volumen, nin modificación algunha das condicións de posición, nin afectar a estructura do edificado, debendo consistir en obras de escasa entidade e técnica constructiva sinxela. As obras cinguiranse as de reposición da lousa do pais e ocasionalmente o entaboados se fose o caso.

É polo que se informa favorable coas obrigas anteditas.

Base imponible para a liquidación do ICIO segundo a Ordenanza municipal reguladora do custo da execución das obras menores.

(42) 347 m<sup>2</sup> Substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa a 40,00 €.....13.880 €".

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a D. José Antonio Díaz López, licenza urbanística para retellado de vivenda en San Martín de Río.

Segundo.- As obras deberán rematar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes

aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía e Industria.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **430,28 euros**.

Quinto.- Aprobar a taxa por expedición de licenzas urbanísticas por un importe **69,40 euros**.

**2.3.- Solicitud de dona Marina Mourelos Camiña para cambio de cancela de acceso á finca punto km 6+820 marxe dereita da estrada LU-621.**

Visto o informe emitido pola Sra arquitecta asesora municipal e que resulta da seguinte teor literal:

“Refª.-Expediente de comunicación previa de inicio de obras menores para a substitución dunha cancela de acceso a parcela 356 do polígono 6 do Catastro de Rústica a instancia de dona Marina Mourelos Camiña.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.-Que os terreos donde se pretende emprazar a cancela atopanse clasificados como **solo rústico de protección de infraestructuras** (LU-621 de Pobra a Baralla).

2º.-Que o solicitante achega autorización da Consellería de Infraestruturas e Vivenda para as obras proxectadas coas condicións que na autorización de outubro de 2015 se expoñen.

É polo que se informa favorable sin perxuízo de dar cumprimento as obrigas impostas na autorización autonómica.

Base impoñible para a liquidación do ICIO segundo a Ordenanza municipal reguladora do custo da execución de obras menores 2014

(71) Porta de entrada a parcela metálica....100 €”.

Con data 22 de outubro de 2015 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda **autoriza a intervención sempre que se manteña unha distancia mínima á estrada igual á liña do peche existente, e con arraxo ás condicións xerais nela establecidas**.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a Dª. Marina Mourelos Camiña, licenza urbanística para cambio de cancela de acceso á finca punto km 6+820 marxe dereita da estrada LU-621.

Segundo.- As obras deberán rematar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía e Industria.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **3,1 euros**.

Quinto.- Aprobar a taxa por expedición de licenzas urbanísticas por un importe **25,00 euros (cota mínima)**.

**2.4.- Solicitud de don Manuel Arias López para obras menores na cuberta en Praza Constitución, nº 5 A Pobra de San Xiao.**

Visto o informe emitido pola Sra arquitecta asesora municipal e que resulta da seguinte teor literal:

“Refª.-Expediente de licenza municipal de obras menores na cuberta dunha edificación sita na Plaza da Constitución Nº 5 de Pobra de San Xiao, a instancia don Manuel Arias López.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal e en relación o asunto de referencia, INFORMO,

1º.-Que a edificación sobre a que se pretende intervir emprazase en terros clasificados como Solo urbano Ordenanza de Conservación de Carácter, e dentro do entorno de protección dos elementos catalogados (2.2-02) Casa I na Rúa Benigno Quiroga, (2.2-03) Casa Rectoral de Pobra, (2.2-01) Casa Grande de Pobra, (2.1-11) Igrexa de Pobra, (3-24) Campo da Feira de Pobra, segundo establece o PXOM vixente.

2º.-A Dirección Xeral do Patrimonio Cultura en resolución de outubro do 2015 autorizou o solicitado co cumprimento das condicións que seguidamente se transcriben:

“-A actuación cinguirase á substitución da lousa de acabamento do faldón oeste da cuberta e, no seu caso, do seu entaboadado. Non se podera intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontón, etc.) nin alterar o seu volumén configuración nin imaxe.

-A cuberta rematarase con lousa irregular do pais.

-No caso de colocación de canlóns e baixantes, estes deberán ser en cinc ou cobre.

-Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará autorización da Consellería de Cultura”

É polo que se informa favorable coas obrigas antedidas.

Base impoñible para a liquidación do ICIO segundo a Ordenanza municipal reguladora do custo da execución de obras menores 2014

(42) 50 m<sup>2</sup> substitución de acabado de cuberta pesada tipo lousa a 40,00 €....2000 €”.

Remitido o expediente á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resolve autorizar a intervención cos seguintes condicionantes:

“A actuación cinguirase á substitución da lousa de acabamento do faldón oeste da cuberta e, no seu caso, do seu entaboadado. Non se podera intervir na estrutura da edificación (muros de carga, cerchas, vigas, correas, pontón, etc.) nin alterar o seu volume configuración nin imaxe.

A cuberta rematarase con lousa irregular do país.

No caso de colocación de canlóns e baixantes, estes deberán ser en cinc ou cobre.

Calquera outra actuación que exceda da descrita precisará autorización da Consellería de Cultura”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder, agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, a D. Manuel Arias López, licenza urbanística para intervención en cuberta en Plaza Constitución, 5, A Pobra de San Xiao, con arreglo ós consicionantes impostos no informe técnico antes transcrito e na autorización da xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.- As obras deberán rematar no prazo de tres meses. Unha vez transcorrido o dito período de tempo considerarase caducada a licenza.

Terceiro.- No caso de que sexa preciso empregar guindastre, a súa instalación adaptarase en todo momento á normativa de aplicación a estes aparellos elevadores, debendo solicitar deste Concello a preceptiva autorización con independencia das autorizacións sectoriais que correspondan, nomeadamente a da Consellería de Economía e Industria.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **62,00 euros**.

Quinto.- Aprobar a taxa por expedición de licenzas urbanísticas por un importe **25 euros**.

**2.5.- Solicitud de don José Manuel López Rodríguez para legalización de cobertizo de vacún, almacén, e esterqueira en Lg de Armea, nº 13.**

Visto o informe emitido pola Sra arquitecta asesora municipal e que resulta da seguinte teor literal:

“Refª.-Expediente de licenza municipal de obras para a legalización de cobertizo de vacún, almacén, estercoleiro e legalización de actividade no lugar de Armea, Láncara, a instancia de don José Manuel López Rodríguez segundo proxecto redactado pola enxeñeira técnica agrícola Isabel Arza Río.

Mercedes Maseda Martínez, arquitecta e arquitecta técnica, en calidade de técnico municipal, a vista da documentación técnico a de referencia, INFORMO,

1º.-Que os terreos nos que se emprazan as construcións e instalacións que se pretenden legalizar atopanse clasificados como **solo rústico de protección forestal productor (S.R.P.F/PD)** segundo establece o PXOM vixente. O artigo 49.4 apartado 1 das Normas Urbanísticas do PXOM contempla como usos permitidos por licenza municipal directa nesta categoría de solo rústico entre outros as instalacións e construcción destinadas ao apoio da gandeiría extensiva e intensiva, en concordancia cos artigos 33 e 37 pola Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. É polo que o uso que se pretende legalizar resulta permitido.

2º.-No proxecto acredítase o cumprimento dos artigos 42 e 44 da Lei 9/2002, en relación a parcela mínima, recuamentos mínimos, altura máxima e distancia a vivendas más próximas e asentamentos de poboación.

É polo que se informa favorable coas seguintes obrigas:

a) Logo que a actividade non se atopa reflitida no Catálogo de actividades sometidas a avaliación de incidencia ambiental, como vacún de carne (agás o vacún de cebo), e visto que a actividade conleva instalacións para a xestión dos residuos, **compre requerirle o solicitada para que achegue informe da C.M.A.T.I. en relación o sometemento ou non a avaliación de incidencia ambiental e daquelas medidas correctoras que se precisen para o funcionamento da actividade que pretende legalizar.**

b) Conforme o disposto polo artigo 42.1 letra c) da Lei 9/2002, as características estéticas e constructivas e os materiais, cores e cabados serán acordes co paisaxe rural e as construcións tradicionais do entorno, polo que alomenos **as fachadas deberanse enfuscar e pintar.**

c) Conforme o disposto pola disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, modificada pola Lei 2/202, manterase o estado natural do terreo, ou con plantación de arbolado ou especies vexetais en, como mínimo, na metadade da superficie da parcela.

d) Dar cumprimento o disposto polo artigo 42.1 letra e) da Lei 9/2002, modificada pola Lei 2/2010".

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar as obras comprendidas no proxecto de legalización de cobertizo de vacún, almacén, e esterqueira en Lg de Armea, nº 13 que se achega a este expediente redactado pola técnica autora do proxecto inicial, Isabel Arza Río, Enxeñeira Técnico Agrícola colexiado nº 300, visado polo respectivo colexio profesional con data 09/07/2015, con suxección as condicións impostas no informe técnico antes transcrito.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras por un importe de **310,00 euros**.

Terceiro.- Aprobar a taxa por expedición de licenzas urbanísticas por un importe **50 euros**.

Cuarto.- De conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, o interesado deberá presentar comunicación previa para o inicio da actividade acompañado de para que informe das medidas correctoras necesarias para o funcionamento da actividade que pretende legalizar, co fin de realizar a oportuna visita de comprobación para verificar que a realización das obras se axuntaron á licenza concedida e ao proxecto presentado polo interesado; xustificante de solicitude de alta no Imposto de Bens Inmóbiles de natureza urbana e fotografías das fachadas do edificio.

### **3.- Escritos varios.**

**3.1.- O de don Primitivo López Gómez.**, polo que achega documentación requirida mediante acordo de 6 de novembro de 2015 necesaria para tramitar a alta no servizo de abastecemento de auga na súa vivenda sita en Moscán, s/n, Páramo.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a alta na rede xeral do abastecemento de auga a don Primitivo López Gómez pola vivenda situada en Moscán, s/n, Páramo.

Segundo.- Comunicarilo ó encargado do servizo de augas D. Luis Varela Fernández, para que realice o entronque.

Terceiro.- dar traslado deste acordo ó funcionario D. Gerardo Sobrado Ventosinos, para que proceda a dar de alta no padrón de abastecemento de auga a don Primitivo López Gómez como suxeito pasivo pola vivenda sita en Moscán, s/n, Páramo.

Cuarto.- Practicar a liquidación da taxa por entronque á rede de abastecemento por importe de 90,15 euros.

**3.2.- O dos veciños do núcleo de Alama.**, no que exponen que aproximadamente 150 metros do tramo do camino das Cortiñas está impracticable, polo que solicitan que por parte do concello se arregle

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Tomar coñecemento do contido do escrito dos vecinos de Alama e estudar as intervencións necesarias para o seu acondicionamento.

**3.3.- O da denuncia presentada polo alcalde.**, por sustracción de residuos no punto limpo os días 15 e 16 de novembro

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Quedou enterada.

**3.4.- O de don Carlos Vázquez González, na súa calidade de gardador de feito de don Laureano Vázquez Piñeiro.**, no que solicita que lle sexa expedida unha tarxeta de estacionamento de vehículos para persoas discapacitadas con problemas graves de mobilidade, solicitude coa que achega acreditación da súa condición de minusválido.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Estimar a solicitude formulada e, en consecuencia, conceder a don Laureano Vázquez Piñeiro, autorización de estacionamento de vehículo que poderá utilizar en calquera vehículo no que se traslade, sexa ou non da súa propiedade e sexa titular da tarxeta ou condutor do vehículo ou non, en tódalas vías de titularidade municipal, agás en zonas e lugares prohibidos.

**3.5.- O de don Gregorio Saavedra Ciércoles.**, no que expón que don Marcos Moreira Villarín ten un contenedor de obra á beira do camino no lugar de Piñeiroá, e que o dito contenedor ocupa o canal de rego

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir requirir informe do encargado de servizos.

**3.6.- O de ADIF,** nº 319/15 no que expoñen que no camino de Villafiz a Las Cortes existe unha deficiente sinalización do Paso a nivel sinalización do camino, requirindo a este concello, titular do camiño, para que cumpra a normativa vixente en materia de estradas e seguridade vial

Examinados os planos que se xuntan ó requerimento, e feita visita de inspección ó lugar indicado por ADIF, non se localiza o camiño público afectado polo que non é posible emendar as deficiencias observadas.

Como queira que no seu escrito, os responsables da Dirección de Mantemento e Explotación de Red Convencional Norte, Xefatura da Área de Mantemento Norte, quedan a disposición por si precisamos de alguma aclaración ó respecto

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Solicitar da Dirección de Mantemento e Explotación de Red Convencional Norte, Xefatura da Área de Mantemento Norte, máis información sobre o camiño público con deficiente sinalización de paso a nivel; información que der ser posible, ben pode ser de acompañamento os responsables municipais sobre ó terreo, toda vez que non nos foi posible localizar o lugar indicado nos planos que xunta ó requerimento pois hai dous planos diferentes.

#### **4.- Devolución de avais**

Logo de ver a solicitude formulada por Diurbagal Galicia, SL na que interesa a devolución das garantías constituídas para a execución da obra “Recuperación de paseo histórico a Ponte de Puebla de San Julián a Escoureda: construcción de pasarela sobre o río Neira e recuperación de xardíns do clube fluvial”.

Consta no expediente acta de recepción positiva expedida pola dirección de obra con data 15 de setembro de 2010 pero tal recepción non exonera ó contratista de toda responsabilidade.

Consta no expediente que as obras necesitaron de recuperación da pasarela no ano 2011, polo que aínda estaba a obra dentro do período de garantía.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Requirir informe do técnico director de obra, don Miguel Pose Fuentes sobre a procedencia ou non de devolución das garantías constituídas para a execución da obra “Recuperación de paseo histórico a Ponte de Puebla de San Julián a Escoureda: construcción de pasarela sobre o río Neira e recuperación de xardíns do clube fluvial” executada por Diurbagal Galicia, SL.

#### **5.- Proposta de alcaldía relativa a liquidación por asistencias a órganos colexiados.**

Logo de ler a proposta epigrafada que é do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á aprobación de gastos por asistencias a órganos colexiados

Sendo necesario aprobar e pagar as dietas en concepto de asistencias a órganos colexiados e gastos de locomoción seguintes segundo o cadro que se recolle a continuación e consonte o acordado polo Pleno do Concello en sesión realizada o 30 de xuño de 2015, imputables ás aplicacións orzamentarias 912.230 e 912.231 (asistencias e locomoción, respectivamente):

ASISTENCIAS A PLENOS E XUNTAS DE GOBERNO LOCAL DE XUÑO A DECEMBRO 2015							
ASISTENTE	SESION	IMPORTE	RETENCION (15% IRPF)	LQUIDO	KM.	A PERCIBIR	
PABLO RIVERA CAPON	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11 X.G.L.: 02-07; 24-07; 06-08; 24-08; 08-09; 06-10; 29-10; 05-11; 06-11; 24-11; 04-12	15x50=750,00	112,50	637,50	0,00	637,50	
BEGOÑA LOPEZ MAGDALENA	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11 X.G.L.: 02-07; 24-07; 06-08; 24-08; 08-09; 06-10; 29-10; 05-11; 06-11; 24-11; 04-12 18/12/15 C.CUENTAS: 23-07	17x50=850,00	127,50	722,50	17x40=680KMx0,19=129,20	722,50+129,20=851,70	
JOSE M. GARCIA ALDEGUNDE	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11 X.G.L.: 18-12-15	5x50=250,00	37,50	212,50	5x22=110KMx0,19=20,90	212,50+20,90=233,40	
OSCAR RODRIGUEZ LOPEZ	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11	4x50=200,00	30,00	170,00	4x22=88KMx0,19=16,72	170,00+16,72=186,72	
SANTIAGO CUBILLAS ALVAREZ	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11	4x50=200,00	30,00	170,00	0,00	170,00	
JOSE MANUEL NEIRA CASTRO	PLENOS: 30-06; 24-09; 24-11 C. CUENTAS: 23-07	4x50=200,00	30,00	170,00	4x22=88KMx0,19=16,72	170,00+16,72=186,72	
DANIEL FERNANDEZ FERNANDEZ	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11	4x50=200,00	30,00	170,00	0,00	170,00	
ASUNCION NUÑEZ VALCARCEL	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11	4x50=200,00	30,00	170,00	4x40=160KMx0,19=30,40	170,00+30,40=200,40	
CARLOS FERNANDEZ DIAZ	PLENOS: 30-06; 24-09; 24-11	3x50=150,00	22,50	127,50	0,00	127,50	
IAIGO BANDE CORTIZO	PLENOS: 30-06; 30-07; 24-09; 24-11 C.CUENTAS: 23-07	5x50=250,00	37,50	212,50	0,00	212,50	
	TOTAIS	3.250,00 €	487,50 €	2.762,50 €	213,94 €	2.976,44 €	

Polo exposto propoño,

Aprobar e pagar os gastos por asistencia a órganos colexiados, e gastos de locomoción por importe de 3.250 e 213,94 euros, respectivamente”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á transcrita proposición de alcaldía resolvéndoa nos seus propios termos.

#### **6.- Inscricións na sección local do Rexistro de Animais de compañía.**

Vista a solicitude presentada por don Miguel Ángel Rodríguez García solicitando a inscripción no rexistro municipal de animais de compañía da cadela “Linda”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Autorizar a inscripción da cadela “Linda”, raza dálmata, código de identificación 978101081440729, na Sección local do rexistro de animais de compañía regulada no artigo 13 da ordenanza municipal (BOP Lugo 21/1/2015).

Segundo.- Aprobar a liquidación da taxa por inscripción na Sección local de animais de compañía por importe de 8 euros.

#### **7.- Altas no SAF**

A Traballadora Social do Concello presenta informe do seguinte teor literal:

“MARIA TERESA LÓPEZ PERNAS, TRABALLADORA SOCIAL DO CONCELLO DE LÁNCARA.

**INFORMA:**

Que unha usuaria do servizo de axuda no fogar polo sistema de dependencia, faleceu o pasado día 10 de decembro, beneficiaria de 70 horas ao mes.

Que por orden de puntuación lles corresponde a concesión das horas DISPONIBLES aos seguintes usuarios:

- USUARIO/A nº DE EXPEDIENTE SIUSS: 2702601000199-5 (Trasliste), beneficiaria de 17 horas/mes: **incrementarlle 16 horas- total 33 horas ao mes, a efectos do día 21 de decembro do 2015.**

- USUARIO/A nº DE EXPEDIENTE SIUSS; 2702601000658-3 (VILLAESTEVA), alta nova **CONCEDER 40 HORAS AO MES A EFECTOS DO DÍA 17 DE DECEMBER DO 2015.**

- USUARIO/A nº DE EXPEDIENTE SIUSS: 2702601000727-2 (Vilaleo), alta nova **CONCEDER 14 HORAS AO MES A EFECTOS DO DÍA 17 DE DECEMBER DO 2015.**

Que para poder atender a ditos usuarios, realizouse unha reestructuración nas carteleras de catro auxiliares”.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación á proposta formulada pola traballadora social autorizando a ampliación das horas de servizo dos usuarios antes citados.

**8.- Contratos menores.- Contrato menor de suministro do programa “Wintask Nómina”**

Vista a proposta da Alcaldía para a adjudicación do contrato de referencia a Wurth S.L, por se-la oferta económica más favorable de tódalas consultadas.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servicios.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2011), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adjudicar o contrato menor de servicios de actualización do programa Wintask Nóminas a Wurth S.L, no prezo de 2.295 euros IVE incluído.

**9.- Reconocemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**9.1.-Alquiler Ceao, S.L.**, fac. nº 2151002327, portes e alugamento bomba engrase, excavadora, para Escola Taller, 2.506,21 €.

**9.2.-Alquiler Ceao, S.L.**, fac. nº 2151002444, portes e alugamento bomba engrase, excavadora, para Escola Taller, 1.076,30 €.

**9.3.-Arturo Rivera Díaz**, fac. nº 357, diverso material 154,65 €

**9.4.-Canteras de Muro S.L.**, fac. nº 001390, materiais camiño de Villouzán, 32,42 €.

**9.5.-Corchao Oil, S.L.**, fac. nº 15 5851, gasóleo para biblioteca 244,85 €.

**9.6.-Corchao Oil, S.L.**, fac. nº 15 5849, gasóleo para o Concello 666,11€.

**9.7.-Droga Conde,S.A,** fac. nº 156211, hipoclorito para auga, 453,75 €.

**9.8.-El Progreso,** fac. nº 11511-657, anuncio “regantes Vega Grande”, 53,24 €.

**9.9.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº c/28, avaría aguas en Oleiros, man de obra 45,37 €.

**9.10.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº c/29 avaría augas en Pobra, man de obra 90,75 €.

**9.11.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº c/27, avaría na fonte de auga de Armea de Abixo, mande obra 121,00 €.

**9.12.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/24, avaría aguas en Oleiros, pala mixta 137,94 €

**9.13.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/28, limpeza de cunetas en Reboredo 160,93 €.

**9.14.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/27, limpeza do camiño do Castro en Mourillón 206,91 €.

**9.15.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº C/30, avaría auga en Armea de Abixo, man de obra 211,75 €.

**9.16.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/25, traballos con pala no Campo da Feira 459,80 €.

**9.17.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/29, limpeza e reparación camiño de Padrón e Pereiras Villaesteva 505,78 €.

**9.18.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/30, limpeza cunetas pista de Vigo 551,76 €

**9.19.-Eusebio Loureiro Martínez,** fac nº E/26, traballos en camiños de Toldaos 2783,00 €.

**9.20.-Hormigones Sarria SL,** fac. nº A/3299, formigón camiños de Villádiga 483,96 €.

**9.21.-Hormigones Sarria SL,** fac. nº A/3308, formigón camiño de Villádiga 669,60 €.

**9.22.-Javier Loureiro Uriz,** fac. nº 8/15, actuación musical magosto 242,00 €

**9.23.-Luis Ignacio López López,** fac. nº LU 78, reposición línea alumeadoo público en Santalla de Lagos, 313,70 €

**9.24.- Luis Ignacio López López,** fac. nº LU 76, instalación cristais de policarbonato en farolas de Pobra de San Xiao, 389,62 €.

**9.25.-Manuel Rodríguez Yáñez,** fac nº 18, viaxes de Santa María alta a Trasliste 326,70 €

**9.26.-Manuel Silva Díaz,** fac. nº 17, reparación beirarrúas 566,62 €

**9.27.- Mª Carmen Pumariño Maciñeiras,** empanadas, pan, castañas, etc, para o magosto popular día 08-11-2015, 506,90 €

**9.28.- Mª Carmen Pumariño Maciñeiras,** papel hixiénico e atados agua 66,20 €.

**9.29.-Miguel Piñeiro González,** trípticos premio Ramón Piñeiro 90,75 €

**9.30.-Oliva Rodríguez Pontón** fac. nº H-0363506, gasolina 82,00 €

**9.31.-Oliva Rodríguez Pontón** fac. nº H-0363506, gasóleo Obradoiro 109,00 €

**9.32.-Mesón O Pedregal**, fac. nº A/56, paella para magosto 15-11-15, 495,00 €

**9.33.-Ponte Ribeira SL, Hotel Alfonso IX** fac. nº 10/1509397, queimada 165,00 €

**9.34.-Reboleira S.L.**, fac. nº 08, viaxes o Furco, Carracedo e Cerceda, 691,20 €.

**9.35.-Saturnino Porto López**, fac. nº 00328-15, reparación tractor, 40,66 €.

**9.36.- Saturnino Porto López**, fac. nº 0265-15, reparación tractor, 370,24 €.

**9.37.-Saturnino Porto López**, fac. nº 00275-15, reparación tractor, 768,12 €.

**9.38.-Saturnino Porto López**, fac. nº 00295-15, man de obra, 58,08 €.

**9.39.- Saturnino Porto López**, fac. nº 00306-15, reparación tractor 258,94 €.

**9.40.-Servital Servizos Sociosanitarios, S.I.**, fac. nº 4963, libre concurrencia, mes de novembro, 919,27 €.

**9.41.-Servital, Servizo Sociosanitarios, S.I.**, fac. nº 4964, lei de dependencia, mes de novembro, 1.889,09 €

**9.42.-Talleres Churrillo S.L.**, fac. nº F-15 0001845, reparación desbrozadora 479,15 €.

**9.43.-Utramic S.L.**, fac. nº 01-151806, recollida e xestión de residuos, 1.179,11 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

**10.- Recoñecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**10.1.-Airis Technology Solutíons S.L.**, fac. nº 3797, cuota alugamento decembro, 333,96 €.

**10.2.-El Progreso**, fac. nº 3-40222, subscricións 281,79 €.

**10.3.-Intermax Technology SL**, fac. nº 10606, banda larga 196,02 €.

**10.4.-Limpergal S.L.**, fac. nº 42872, pago limpeza dependencias municipais mes de novembro 845,43 €.

**10.5.-Luis Ignacio López López**, fac. nº LU 75/15, mantemento alumeadoo público mes de novembro 863,49 €.

**10.6.-Mapfre Familiar S.A.**, fac. nº 201511675, pago pólixa colectiva 596,82 €.

**10.7.-Maykel Rivas Arias**, fac. nº A/1743, revisión extintores 258,94 €

**10.8.-Mercedes Maseda Martínez**, fac. nº 44/15, pago honorarios novembro 719,95 €

**10.9.-Radio Popular,S.A.**, fac. nº 028-02-00877, pago cuñas novembro 151,25 €

**10.10.-Salvador Diz Cerviño**, fac. nº 01/742, nóminas persoal novembro 471,90 €

**10.11.-Siemens Rent**, fac. nº 53140093559982 alugamento 30-12-2015 a 29-01-2016 362,92 €.

**10.12.-Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A**, fac. nº 4001660433 pago correspondencia outubro 125,54 €.

**10.13.- Sociedad Estatal Correos y Telégrafos S.A**, fac. nº 40016773300 pago correspondenza novembro 173,55 €.

**10.14.-Sociedade Galega do Medio Ambiente S.A**, pago tratamento lixo novembro 6.640,47 €.

**10.15.-Supervisión e Control, S.A**, fac. nº 159915000002559, ITv vehículo 6659-HTK, 34,90 €.

**10.16.-Wurth,S.L.** fac. nº 519, contrato soporte e mantemento contabilidade 2.696,45 €

**10.17.-Wurth,S.L.** fac. nº 503, contrato soporte e mantemento augas 935,11 €.

**10.18.- Overlease, S.A.** fac. nº V215028703, aluguer batería coche 118,42 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acreedores.

**11.- Asuntos de urxencia.**

Non houbo.

E non habendo máis asuntos que tratar dáse por rematada a sesión por orde do Sr. Alcalde, sendo as doce horas, extendéndose a presente acta que como Secretaria, certifico.